



ESCOLA de ARTE
SUPERIOR de DESEÑO
RAMÓN FALCÓN · LUGO

A ESCOLA RAMÓN FALCÓN ACADA OS SEUS 50 ANOS DE VIDA CUNHA IMPORTANTE ACTIVIDADE CREATIVA



A EASD Ramón Falcón está ubicada en Montirón, nunha edificación proxectada por Manuel Manzano Monís. Sitúase entre os ríos Miño e Rato, preto de carbaileiras centenarias e zonas verdes que forman parte da Reserva da Biosfera Terras do Miño.

A Guía de Arquitectura de Lugo do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia recolle que "Este edificio, relativamente pouco coñecido, pasa por ser un dos máis interesantes da arquitectura construída en Lugo durante o último terzo do século XX. Foi inaugurado polo Rei e a Raíña en 1976, sendo director

xeral de Belas Artes D. Ramón Falcón (...). O proxecto baséase na definición individual de cada aula con superficies variables e cubertas a dúas augas unidas por unha zona cuberta aberta ao xardín interior (...). A atención ao detalle é outra das súas características, entre as que hai que destacar a pavimentación da cuberta e os muros de lousa de xisto que funden os volumes coa arquitectura popular da contorna".

En 1970 era Escola de Artes Aplicadas e Oficinas Artísticas. Hoxe é Escola de Arte e Superior de Deseño e leva máis de 50 anos contribuíndo ao desenvol-

vemento social, adaptándose ás demandas e evolucionando cos tempos, sempre ofrecendo un modelo de ensinanza baseada na cualificación artística e profesional de calidade.

Para a conmemoración do 50 aniversario, a finais do curso pasado o director do centro Ramón Cabarcos encomendou ao profesor Cruz Lago a organización dos actos conmemorativos da efeméride. Para tal fin formouse un equipo de profesorado e alumnado encargado de deseñar e secuenciar as accións culturais e festivas que se están a desenvolver ao longo deste 2023.

O primeiro paso foi o rediseño da imaxe da Escola e a actualización da súa páxina web e da presenza nas redes sociais. O profesor de deseño gráfico Cristóbal Novoa encargouse tamén do deseño das tipografías corporativas e do logotipo do 50 aniversario: un sorriso optimista cargado de desexos de felicidade para os anos que están por vir.

Polo momento este curso 2022-23 está deixando moitas e moi boas novas que se irán comentando nas páxinas que seguen. Aquí cómpre salientar o anuncio por parte da Consellería de Educación da rehabili-

tación integral do emblemático edificio que está prevista para o verán. E tamén é preciso agradecer a concesión por parte do Concello da Medalla de Ouro da Cidade de Lugo polo "forte compromiso na transmisión de coñecementos" e por ofrecer ás máis de 5.000 persoas que estudaron nela unha "sólida formación académica pero tamén con competencias emocionais para contribuir, coas súas ideas e creacións de gran valor, a fortalecer a nosa economía e a crear emprego e riqueza local!". ■



CABEZA • MAN • CORAZÓN // EXPOSICIÓN 50 ANIVERSARIO EN O VELLO CÁRCERE

Primeiro dos actos conmemorativos, a mostra é un punto de encontro Pasado-Presente, un percorrido pola historia do centro, da cidade, e de centos de historias do alumnado, profesorado e persoal que pasou pola Escola

O pasado 24 de marzo O Vello Cárcere acolleu nos seus diferentes espazos obras e intervencións de recoñecidos artesáns, artistas e deseñadores que se formaron ou forman na EASD Ramón Falcón. Nesta Escola o estudantado ten a liberdade de asumir riscos e crear ideas audaces, ten a oportunidade de explorar aspectos creativos, e construír e avanzar

nas súas habilidades, cun enfoque interdisciplinario das artes e o deseño.

A exposición baséase no lema "CABEZA•MAN•CORAZÓN" das Arts & Crafts: xermolo das Escolas de Artes e Oficios entendidas como centros para o estudo, preservación e investigación dos valores artesáns, artísticos e de deseño.



Cabeza para a creatividade e a imaxinación • Man para a habilidade e o oficio • Corazón para a honestidade e o amor.

O evento ten ademais unha cor identificativa, o Azul 50 Aniversario, presente nas celas da planta baixa ambientadas con obxectos propios do universo da Escola, tinguidos desa cor profunda e vital que funciona como

elemento recorrente en moitas das pezas presentes nos diferentes espazos.

Esta exposición colectiva é un agradecemento e unha sentida homenaxe a todas e cada unha das persoas que, nestes máis de 50 anos, fixeron da Ramón Falcón un lugar especial de aprendizaxe e encontro. Esta mostra é posible grazas á xenerosa e

desinteresada aportación de centos das persoas que pasaron pola Escola que se trasladan de xeito simbólico, como un enxame de abellas laboriosas, ata as celas de O Vello Cárcere para habitar esa colmea con material representativo do seu traballo: deseño, fotografía, serigrafía, ilustración, gravado, cerámica... creando un conxunto harmónico e diverso. ■




CICLO DE CONFERENCIAS 50 ANIVERSARIO E PRESENTACIÓN DOS NOVOS NÚMEROS DAS REVISTAS NM E ARTESONADO

Unha mesa redonda e dúas charlas impartidas por antigos alumnos da EASD Ramón Falcón nas que se debatiron diversos aspectos da realidade cotiá dos profesionais do deseño en Galicia.



Antonio Pereira é director artístico de producións cinematográficas, televisión e publicidade con ampla experiencia en dirección de arte para películas como *El año de la garrapata* (2001), *Lobos Sucios* (2014), *La Isla de las Mentiras* (2018) e *O corpo aberto* (2023).

Xosé García é o actual presidente da Asociación Galega de Deseño (DAG). Fundou o estudio Piedrapapeltijera en Santiago de Compostela, no que desenvolve proxectos de deseño gráfico, dixital e deseño de espazo.



GUÍA INFORMATIVA SOBRE O ACCESO

REQUISITOS DE ACCESO ÁS ENSINANZAS ARTÍSTICAS SUPERIORES

A normativa que regula o acceso as Ensinanzas Superiores de Deseño (nivel académico Grao), nas dúas especialidades impartidas na EASD Ramón Falcón (Deseño Gráfico e Deseño de Interiores), son o Decreto 172/2015 e a Orde do 21-11-2016.

Ramón Cabarcos, director da Escola, explica que as condicións específicas para o acceso a calquera das especialidades veñen fixadas por unha resolución anual da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, e que para o curso que vén publicouse o pasado 4 de abril.

O número de prazas ofertadas é de 20 por especialidade e escola (aínda que pode superarse en determinadas condicións). Algunhas destas prazas se reservan a aspirantes con algunha discapacidade acreditada ou a deportistas galegos de alto nivel.

Para participar no procedemento de acceso é preciso facer unha inscrición previa, que pode facerse de xeito telemático (no enderezo: www.edu.xunta.es/eas) ou presencial (nas secretarías das sedes da Rede de Escolas de Arte e Superiores de Deseño de Galicia).

Hai varios tipos de acceso segundo as condicións dos aspirantes: o denominado Acceso



Aulas da Escola nas que se imparten proxectos en materias artísticas



directo (para aqueles que estean en posesión dun Título de Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño) _existindo unha porcentaxe máxima de prazas para esta opción_, ou a través dunhas probas (modalidade Específica ou modalidade Específica máis Substitutiva).

Para afrontar a proba Específica hai que estar en posesión da titulación de Bacharelato (tamén vale ter unha titulación universitaria ou a proba de acceso á universidade superada, e títulos de ensinanzas artísticas superiores ou de técnico superior).

A devandita proba consta de dúas partes. A primeira parte (escrita e de dúas horas de duración) consta dun comentario crí-

tico e razoado e cuestión/s sobre un texto ou material audiovisual proposto (relacionado con calquera aspecto da historia das artes ou o deseño). A segunda parte (gráfica e de catro horas de duración) consta, a súa vez, de dous exercicios. O primeiro é un debuxo mimético, a man alzada, dun modelo proposto. O segundo é outro debuxo, realizado con técnicas definidas polo tribunal, que consiste nunha interpretación creativa do exercicio anterior. A cualificación desta proba vai de 0 a 10, con 2 décimas.

Por outra banda, o acceso pode darse sen estar en posesión do título de bacharelato. Neste caso é preciso cumprir os 18 anos dentro do ano natural no que

se solicita o acceso e facer unha proba Substitutiva do bacharelato (previa á proba Específica descrita anteriormente). Esta proba substitutiva é escrita e consta de varios exercicios destinados a acreditar unha aptitude e formación que poida equipararse á proporcionada polo bacharelato. Este exame cualifícase en termos de apto/a ou non apto/a.

En calquera caso, os aspirantes con algunha discapacidade poden solicitar a adaptación das probas.

A referida Resolución (que se pode consultar íntegramente na nosa web <https://escoladearte.lugo.com/> e nas nosas redes sociais) fixa as datas límite para a inscrición ás diferentes modalidades de acceso.

Mentres que para os aspirantes que teñen que realizar as probas Substitutiva máis Específica é ata o 22 de maio, para os futuros alumnos que optan pola vía de Acceso Directo ou só proba Específica é ata o 26 de xuño.

Logo da realización das probas (que tamén veñen datadas na resolución), os aspirantes terán que formalizar a matrícula ordinaria segundo as datas xa publicadas.

No caso de quedar prazas vacantes, en setembro abrirase un novo calendario, aínda non concretado, polo que é importante estar pendente das novas datas, que se difundirán a través da nosa web e redes sociais.



ACCESO Á NOSA OFERTA EDUCATIVA

REQUISITOS DE ACCESO ÁS ENSEINANZAS ARTÍSTICAS PROFESIONAIS



Obradoiros de Serigrafía, Cerámica, Fotografía e Gravado

A normativa que regula o acceso ás Ensinanzas Artísticas Profesionais (nivel académico Ciclo Formativo), nas catro especialidades impartidas na EASD Ramón Falcón (Serigrafía Artística, Gravado e Estampación, Fotografía e Cerámica Artística), son o Real Decreto 596/2007 e a Orde do 1-12-2008.

As condicións específicas para o acceso a calquera das especialidades para o curso 2023-2024 veñen fixadas na resolución do 19 de abril de 2023 da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

O número de prazas ofertadas é de entre 15 e 20 por especialidade e escola.

Para participar no procedemento de acceso é preciso facer unha inscrición previa ou solicitude. As datas dependen da

modalidade á que se poidan acceder os aspirantes: Acceso directo ou Proba Específica (comparten datas aínda que as condicións para acceder a unha ou a outra son diferentes) fronte a Proba Substitutiva máis Específica.

Para esta última, o prazo remata o 12 de xuño, mentres que para os aspirantes que poidan optar pola vía directa ou só pola proba Específica é o 22 de xuño.

O acceso para o ciclo de grao medio de Serigrafía Artística, en principio, exige estar en posesión da Educación Secundaria Obligatoria (tamén vale ter un título de Técnico de AAPPD, ter superado o 3o curso de comúns do Plan 1963 ou o 2o curso do Plan Experimental, un título de Técnico Auxiliar ou Técnico de FP ou a proba de acceso a universidade

superada), pero tendo que superar tamén unha proba específica.

O acceso para os ciclos de grao superior de Gravado e Estampación, Fotografía ou Cerámica Artística, en principio, exige estar en posesión da titulación de Bacharelato (tamén vale ter un título de Técnico superior de Artes Plásticas e Deseño, de Graduado en Artes e Oficios, de Técnico Especialista ou Superior de FP, unha titulación universitaria ou a proba de acceso a universidade superada), pero tendo que superar tamén unha proba específica.

En ambas opcións (ciclos de grao medio ou superior), se se posúe o título de Bacharelato (na especialidade de artes), un título de Técnico ou Técnico Superior en Artes Plásticas e Deseño, un Título Superior de Deseño,

de Conservación e Restauración, Belas Artes, Arquitectura, Enxeñaría Técnica en Deseño Industrial, superados os cursos comúns de Artes Aplicadas e Oficios Artísticos do plan 1963, ou unha experiencia laboral acreditada relacionada coa titulación de alomenos un ano, non é preciso facer esta proba (existindo habitualmente unha porcentaxe máxima de prazas para esta opción).

A devandita proba de acceso valora as aptitudes e coñecementos artísticos. A cualificación desta proba vai de 0 a 10, con 2 decimais. Nembargantes, o acceso pode existir sen estar en posesión do título de Educación Secundaria Obligatoria ou Bacharelato, segundo o caso.

No caso do ciclo de grao medio de Serigrafía Artística, é preciso

cumprir os 17 anos dentro do ano natural no que se solicita o acceso e facer unha proba substitutiva da ESO (previa a proba específica descrita anteriormente).

No caso dos ciclos de grao superior de Gravado e Estampación, Fotografía ou Cerámica Artística, é preciso cumprir os 19 anos dentro do ano natural no que se solicita o acceso e facer unha proba substitutiva da ESO (previa a proba específica descrita anteriormente). No caso de posuír unha titulación de Técnico relacionado coa titulación na que se pretende o acceso, a idade esixida é de 18 anos.

A proba substitutiva da ESO ou do Bacharelato é escrita e consta de varios exercicios destinados a acreditar unhas capacidades básicas equivalentes as proporcionadas pola ESO ou polo Bacharelato, respectivamente. Esta proba cualifícase en termos de apto/a ou non apto/a.

A referida Resolución (que se pode consultar íntegramente na nosa web <https://escoladearlugo.com> e nas nosas redes sociais) explica o resto do proceso (entre o que destaca a realización das probas _tanto datas coma condicións concretas. Na nosa web hai tamén exemplos doutras convocatorias da proba Específica. ■

NOVIDADES PARA O CURSO 2023-24

PLURIART

Unha das novidades principais deste curso foi a incorporación da Escola ao programa PluriArt, co fin de estender e afianzar a ensinanza plurilingüe tamén no eido artístico.

A experiencia, que só outra escola galega máis puxo en marcha, comezou na nosa no Ciclo Medio de Serigrafía Artística. A profesora e coordinadora do programa, María Vázquez, impartiu en inglés o módulo *Historia da Cultura e das Artes*, coa axuda dunha auxiliar de conversa, Prerna Jain, que inicialmente tiña como obxectivos reforzar o léxico específico desta especialidade e establecer un ambiente

de traballo no que os estudantes perderan o medo a falar nun idioma extranxeiro mentres estudan, traballan... mentres aprenden.

Pero, porque esta Escola sempre se propón superar os obxectivos marcados, a experiencia foi moito máis aló, abarcando finalmente a todos os grupos, tanto de estudos profesionais como de grao, facilitando que uns e outros adquiran novas destrezas comu-

nicativas en inglés e confianza para o seu desenvolvemento en aspectos prácticos do mercado laboral e as especificidades do mundo da arte e o deseño. Así, Jain, da man de docentes igual de interesados nesta iniciativa, organizaron obradoiros tan diversos como estampación textil india, deseño e pintura con henna, arte cerámico indio... ou conversas en inglés sobre cine, videoarte, cómic, entre outros.

"Una de las mayores diferencias entre esta escuela y mis trabajos anteriores es el enfoque en la creatividad y la experimentación. En lugar de simplemente enseñar gramática y vocabulario, aquí se fomenta la conversación y la curiosidad", recoñece Jain.



Obradoiros de estampación textil con profesores da Escola

"O éxito e a boa acollida deste programa, lévanos a ampliar de xeito formal o programa Pluri Art a outras titulacións, sumando o próximo curso xa o Ciclo Superior de Fotografía."

PROGRAMAS INTERNACIONAIS

Este programa súmase á dos programas internacionais (Erasmus e Erasmus+) na que levamos máis dunha década, e que están deseñados non só para complementar os estudos, senón tamén para realizar prácticas en empresas e/ou institucións.

Ademais de axudar de forma significativa a mellorar as competencias lingüísticas, é innegable o que aportan tanto desde o punto de vista cultural e humano. E delo nos falan dous dos últimos alumnos que aproveitaron esta magnífica oportunidade. En palabras de Borja Mirón (Frederick University _Nicosia, Chipre_): "Todo esforzo obtiene su recompensa y una vez conseguí establecerme y acomodarme, todo fue una aventura; las cosas y preocupaciones más efímeras se cambiaron por algo tan básico como la comunicación o entenderse con los demás (...). Como conclusión, es una aventura que

recomiendo a todo el mundo, es totalmente potenciadora y te hace conocerte y conectar contigo mismo, ver que eres capaz de hacer cosas que ni tú mismo creías. Eres lo que vives".

Pola súa parte, Rocío Fernández Paz (Shqipëria _Tirana, Albania), o explica así: "Cando remaitei o Ciclo de Gravado e me comentaron que tiña a posibilidade de facer un Erasmus con prácticas na zona dos Balcáns, non mo pensei dúas veces. Albania!, me dixeron; case tiven que buscala no mapa para poñela nun lugar concreto. Aínda así, preparei os papeis, fixen a maleta e collín os tres avións e un autobús

que me levarían á capital, Tirana". Recoñece que o máis gratificante foi "coñecer o país e a súa cultura", aproveitando o seu tempo de lecer en percorrello e coñecer de preto pobos e unha cultura diferente.

A Escola está a buscar agora institucións en países como Dinamarca, Italia, Rumanía, Polonia ou Grecia, e ten como obxectivo para o período 2023-2025 ampliar os socios colaboradores para os intercambios Erasmus+, para o que vén de firmar convenios coa Universidade de Greenwich, no Reino Unido, ou a Frederick University de Chipre, e está tramitando con centros en Malta, Estonia ou Turquía. Ademais, como membro do Consorcio de Centros de Artes, estableceu acordos de colaboración con universidades europeas (Albania, Montenegro e Bosnia-Herzegovina), asiáticas (Tailandia e Filipinas) e recentemente abriu a vía con países africanos.

Todo isto se consegue cunha intensa labor de análise dos posi-



Alumnos e profesores participaron en diversos programas internacionais

bles destinos desde o punto de vista académico pero tamén humano e loxístico, coma a realizada ao longo deste curso

nos países balcánicos, africanos e asiáticos por docentes coma María Vázquez ou Pablo Ferreiro-Mazón.

PROGRAMAS DE INNOVACIÓN

Rematamos este repaso sobre algunhas das nosas apostas presentes e futuras cunha breve mención aos Programas de Innovación.

A Escola vén de presentarse xunto co CIPF As Mercedes nos premios para o desenvolvemento de proxectos de innovación, na modalidade tecnolóxica e científica, coa proposta Design Thinking, o deseño como ferramenta de transformación. Tecnoloxías Fab Lab en contornas colaborativas.

Sobre a base de sumar tecnoloxía, deseño e realización dixital a partir da fabricación de espazos efémeros e a súa correspondente identidade corporativa e visual, para o que contamos coa colaboración da empresa lucense Madeiras Besteiro para o proceso de materialización, pretenemos reflexionar xuntos sobre

a influencia social positiva do deseño e valorar a súa capacidade para xerar identidade, innovación e calidade en contornas colaborativas de fabricación dixital ao tempo que indagaremos tamén nos recursos tecnolóxicos da fabricación dixital e as súas aplicacións nas Ensinanzas Artísticas. Para iso, o alumnado poderá realizar os seus propios proxectos "involucrando as novas xeracións non só no consumo senón na xeración de produtos e servizos de xeito activo e colaborativo", explican Eva Valle e Natalia Crecente, responsables da parte do programa por parte da Escola Ramón Falcón. ■






1. Traballando no taller de serigrafía
2. Remate da acción inaugural das Xornadas Conecta da Escola
3. Visita do alumnado ao Auditorio Gustavo Freire

PROXECTO MADÉMICA EN FP INNOVA E XORNADAS CONECTA

Esta vocación de apostar por unha educación que dea resposta a necesidades reais vén desenvolvéndose dende hai anos no noso centro. Durante o curso 2018/19 materializouse *Madémica*, un proxecto para deseñar e fabricar un revestimento mixto que combinaba cerámica e madeira, incorporando tecnoloxías de control numérico e procesos artesanais vinculados á cerámica artística e á carpintería de madeira. Neste proxecto participaron os departamentos das Ensinanzas Profesionais de Produto, dos Estudos Profesionais de Deseño Gráfico, das Ensinanzas Artísticas Superiores de Deseño de Interiores e o de Deseño Gráfico da Escola que colaboraron co Ciclo Superior de Deseño e Moble do C.I.F.P. Politécnico de Lugo. O proxecto presentouse en FPInnova 2019, o congreso de Innovación organizado pola entón Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

Ese mesmo curso coordinouse *Conecta*, un proxecto transversal tamén de carácter colaborativo de todas as ensinanzas da Escola no que se dinamizou a incorporación do alumnado na organización dun evento cultural: as xornadas de Arte e Deseño *Conecta*. Sorprendidas polos principios do *Art Thinking* reflexionouse sobre a motivación e a emoción nos procesos de ensinanza-aprendizaxe, o pensamento diverxente e a educación como produción cultural. Dende as ensinanzas de Deseño Gráfico levouse a cabo a gráfica do proxecto, Deseño de Interiores realizou as intervencións efémeras e Serigrafía Artística materializou, con Deseño Gráfico, o *merchandising* do evento. Cerámica Artística encargouse de producir os obsequios para os relatores e o ciclo superior de Fotografía Artística acometeu a gravación audiovisual.



O PROXECTO UNIVERSO REICH PREMIADO NOS ALBERT MESTRE 2023 Á INVESTIGACIÓN DOCENTE

Dinámicas docentes colaborativas nas ensinanzas de réxime especial: os centros educativos como promotores e produtores culturais é o título do proxecto presentado polas profesoras Natalia Crecente e Eva Valle, galardoado co segundo Premio Josep Albert Mestre á Investigación para a Mellora da Calidade Educativa.

A Confederación de Escolas de Artes Plásticas e Deseño convoca este premio co obxectivo de difundir propostas pedagóxicas que poidan dar resposta ás necesidades sociais e que constitúan referentes da calidade e da mellora educativa.

Este recoñecemento a nivel estatal constitúe un exemplo entre tantos outros do compromiso e a paixón coa que a Escola de Arte e Superior de Deseño Ramón Falcón de Lugo vén traballando na formación do seu alumnado.

Difícilmente pódese ocultar a ilusión coa que se recibiu a acta do veredicto do xurado o 11 de abril de 2023, día da presentación de *Music for 18 musicians*, a lendaria peza de Steve Reich, programada dentro do XI Ciclo de Música Contemporánea de Lugo MIHLSons XXI, promovido pola Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua do Concello de Lugo e coordinado por Diego Ventoso Fernández.

Dez meses antes, nun encontro sen expectativas co propio Diego Ventoso na cafetería da

nosa Escola, asumimos o reto de sumarnos ao atractivo proxecto educativo *Universo Reich*, da academia internacional Cardinais de Vertixe Sonora. En pouco tempo eramos xa 20 músicos, 22 bailaríns, 26 deseñadores gráficos, 11 deseñadores de interiores, 15 técnicos de serigrafía e 7 fotógrafos: un total de 102 alumnos acompañados por unha ducia de profesores de distintas materias e especialidades.

Toda unha experiencia de aprendizaxe colaborativa para abordar a complexa peza de

Steve Reich, considerado por moitos un dos mellores compositores americanos do noso tempo e un dos pioneiros do minimalismo na música xunto con outros compositores como La Monte Young, Terry Riley, John Cage e Philip Glass.

Tres días despois do evento, o artigo *LUGO / Steve Reich en el centro de una obra de arte total* de Paco Yáñez en *Scherzo*, a revista de música clásica de maior prestixio en España, repara no proceso formativo: “unha das virtudes de *Universo Reich* foi poñer aos alumnos dos conservatorios musicais, aos de danza e aos de arte e deseño en contacto coas distintas fases nas que se articula o desenvolvemento do proxecto: formación que integra aspectos loxísticos non sempre atendidos no currículo académico e cuxo dominio é crucial para o desenvolvemento de programas artísticos”. ■



FUTURO // INSTALACIÓN 50 ANIVERSARIO NA CAPELA DE SANTA MARÍA DE LUGO

A mostra fala de futuros en construción, de educación, de segundas vidas, de reciclaxe, de compromiso, de diversidade... dun xeito poético, inmersivo e sensorial. Na Escola de ARTE e superior de DESEÑO Ramón Falcón educase para a CREAMIÓN.

Inaugurado o pasado 14 de Abril, este espazo "FUTURO" atopa o seu xerme conceptual no manifesto fundacional pronunciado por Walter Gropius o 12 de abril de 1919 no acto inaugural da Bauhaus.

"O último fin de toda actividade plástica é a construción!"

Formemos pois un novo gremio de artesáns sen as pretensións claudicas que querían erixir unha arrogante barreira entre artesáns e artistas! Desexemos, proxectemos, cremos todos xuntos a nova estrutura do futuro, en que todo consti-

tuirá un só conxunto, arquitectura, plástica, pintura e que un día elevarase cara ao ceo das mans de millóns de artífices como símbolo cristalino dunha nova fe."

Esta Instalación efémera, que se proxectou e executou grazas ás alianzas entre o alumnado e o profesorado dos diferentes estudos da Escola, integra e xoga cos nosos sentidos e emocións. No plano máis poético representa o paso pola Escola; unha Escola que semella un caixón de sorpresas onde as artes e deseños conviven sendo xerme para a

creación e construción de soños futuros.

As pezas aparecen secuenciadas definindo percorridos que permiten aos visitantes ir descubrindo o conxunto progresivamente. Ao inicio atópase "Caixa sorpresa", estrutura transitable que articula o espazo. Está montada con andamios brancos recuperados e adaptados, pechados parcialmente por taboleiros de madeira certificada e cartón, rematados por unha luminosa e multicolor cuberta de botellas recicladas. No seu interior

hai un bosque fráxil de carballos que enlaza coas árbores de "Do Ar", unha doa coa que se enfiá pasado, presente e futuro, ao transformar os residuos de plástico nun bosque dual que nos convida a levantar a mirada do chan e levala ao ceo. Un ceo grafiado na parede do ábside no que se mergullan futuros plurilingües trazados con lápis grafito: o porvir débúxase con trazos imperfectos, borróns, enigmas, desafiando a nosa comprensión.

Polo camiño do percorrido faise unha pregunta: existe o

Futuro? Nas árbores do bosque diverso FUTURO(S), construído con fotografías de alumn(o)s retratad(o)s por alumn(o)s nos derradeiros 25 anos, temos a resposta: na EASD Ramón Falcón axudan a construír o futuro que aínda non existe, proporcionando ferramentas para converter o futuro en realidade. Porque como dixo Buckminster Fuller a mellor maneira de predicir o futuro é deseñalo. ■

Esperámoste na Ramón Falcón ;)